

Cómo chove miudiño

Misteriosa regadeira
fino orballo no chan pousa
con feitiña curvadeira,
remollando na ribeira
frol por frol, chousa por chousa.

Semellando leve gasa
que sutil o vento move,
en frotantes ondas pasa
refrescando canto abrasa
o que o sol ardente cobre.

**Cómo chove miudiño,
cómo miudiño chove;
cómo chove miudiño
pola banda de Laíño,
pola banda de Lestrove.**

¡Qué hinchadiña branca vela
antre os millos corre soa,
misteriosa pura estrela!
Dille o vento en torno dela:
"Palomiña, ¡voa!, ¡voa!"

Triste vai, que á terra toca
xa cos pes de branca neve,
xa ca fina fresca boca;
triste vai, que ós ceos invoca
i a bicar o chan se atreve.

O meu nome é

Son escritora e as miñas
flores favoritas son os



Contesta as seguintes preguntas:

- O que acabas de ler que é? Marca a opción correcta.

☐ Un conto. ☐ Unha poesía.

- A que lle chama Rosalía con misteriosa regadeira?

☐ Ás tormentas. ☐ Ás nubes.

☐ Ao sol. ☐ Á chuvia.

- Escribe as **palabras** da poesía que falan do **tempo atmosférico**. Esríbeas en fila según a orde na que aparecen. Comeza polo título. *Non esquezas comezar en maiúscula e rematar en punto.*

